

Os servizos municipais

Co fin de cubrir as necesidades da localidade e dos veciños que a habitan, o Concello organiza e controla o funcionamento dos servizos **públicos municipais**. Entre os principais servizos podemos destacar os seguintes:

A **limpeza** de rúas, a recollida de lixos e o **coidado de parques e xardíns**.

A distribución da **auga** e a conservación dos **sumidoiros**.

Os **servizos sociais**, para axudar as persoas necesitadas.

A **educación**, a **cultura** e o **deporte**, mediante bibliotecas, museos ou polideportivos, e a organización de festas.



A **seguridade**, da que se fan cargo bombeiros e policías.

Os **transportes públicos**.

O **mantemento** das rúas e o seu mobiliario, como os farois ou os bancos, e dos sinais de tráfico.

I O **Concello** goberna a localidade e dirixe os servizos municipais. Está formado polos **concelleiros**, elixidos nas **eleccións municipais**, e polo **alcalde**.

- 1 Explica a diferenza entre municipio e localidade.
- 2 Que son os plenos municipais? Pode a túa familia asistir a un pleno municipal?

- 3  Por que nas eleccións municipais só poden votar os veciños maiores de dezoito anos?
- 4  Indica catro servizos municipais da túa localidade e explica as súas funcións.